

Á DIRECTORA XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMATICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Asunto: Declaración de impacto ambiental formulada pola dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático relativa ao proxecto do parque eólico Meirama, nos concellos de Carral, Ordes e Cerceda (A Coruña), promovido por NATURGY RENOVABLES, S.L.U (Clave: 2019/0130)

Don/Dona _____ con DNI. Nº _____, con domicilio
a efectos de notificacións en _____, provincia de
_____.

EXPÓN:

Que a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático formulou a declaración de impacto ambiental do parque eólico Meirama mediante resolución do 28 de outubro de 2022.

Que no penúltimo parágrafo da páxina 19 do documento da DIA dise que:

Unha parte do contido de varias das alegacións non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas o ámbito competencial do órgano ambiental (bens e dereitos afectados, afección económica ás explotacións forestais e agro-gandeiras e retorno social, expropiacións de terreos, seguridade industrial, Plan sectorial eólico, **fragmentación do proxecto**, aspectos urbanísticos, etc.) que de ser o caso son obxecto doutras fases da tramitación por parte do órgano substantivo de cara ao outorgamento da autorización administrativa do proxecto, ou ben non atinxe á tramitación da avaliación de impacto ambiental de proxectos de cara á formulación da declaración de impacto ambiental.

O parque de Meirama está vencellado ao parque eólico As Encrobas, non só por ser promovidos pola mesma empresa senón por formar parte do mesmo proxecto industrial, como de xeito reiterado ten recollido a prensa e polo tanto é público e notorio. A D.X. non pode ignorar a fragmentación fraudulenta por canto o procedemento de avaliación ambiental non é o mesmo debido á potencia total resultante da suma das dos dous parques. Polo tanto non pode ser tramitado mediante avaliación ambiental ordinaria sendo esta unha cuestión sobre a que si lle corresponde manifestarse a esa D.X.

Que segundo a DIA reducíronse os 15 xeradores do documento de inicio a 13 xeradores no proxecto exposto e de 13 a 10 nas modificacións feitas durante a tramitación da DIA. Esta redución de xeradores conleva o aumento da potencia unitaria de cada un deles e, polo tanto, das súas características. Ademais modifícanse os accesos, aumentando a lonxitude dos viais existentes a reparar e a superficie ocupada polos noiros. Modifícanse así mesmo as gabias. Todos estes cambios supoñen unha modificación sustancial do proxecto polo que debe ser novamente exposto.

Que a D.X. de Saúde Pública emitiu seis informes facendo fincapé nos efectos sobre a saúde da poboación en relación cos efectos do ruído e o parpadeo de sombras. En canto ao parpadeo de sombras do quinto informe di que:

segue sen abordarse adecuadamente aspectos recollidos no seu informe anterior e que naquelas vivendas que superen o limiar establecido para o caso real, o proxecto deberá indicar e xustificar as correspondentes medidas protectoras que se aplicarán en caso de que sexan necesarias para evitar superar o limiar, tendo en conta as características dos mesmos.

E a DIA recolle a continuación:

Como resposta ao anterior, o promotor contesta prestando a súa conformidade e sinalando que no caso de que se superen os limiares indicados pola dirección xeral na súa publicación de abril de 2022, previo acordo cos propietarios das vivendas afectadas, desenvolveranse unha serie de medidas protectoras previas á operación do parque eólico que reducirán ou evitarán o efecto parpadeo, entre as que se atopan, de maneira progresiva, a instalación de sistemas de protección nas ventadas, como cortinas, persianas ou toldos no exterior, e o emprego de vexetación como protección das fachadas afectadas polo efecto parpadeo. Complementándoo co desenvolvemento do plan de seguimento específico reiterándose en que no caso de confirmarse a superación dos limiares, analizará a conveniencia de aplicar medidas adicionais de mitigación.

Á vista desta contestación a Dirección Xeral de Saúde Pública emite un sexto informe no que novamente considera que coa información adicional proporcionada segue sen abordar adecuadamente os aspectos recollidos no seu informe anterior. E engade que no referente as medidas correctoras para o efecto parpadeo, nas que se indican a instalación de sistemas de protección nas fiestras ou o emprego de vexetación, previo acordo cos propietarios, deberá contemplarse tamén a programación da parada técnica temporal, para asegurar a ausencia de efectos negativos sobre á saúde da poboación. Apunta ademais, que deberá facerse o seguimento durante o primeiro ano de todos eles, para comprobar que os resultados modelizados son correctos.

En resposta a este informe, o promotor presenta un escrito no que mostra a súa conformidade co contido do mesmo.

Resulta evidente que a aprobación da DIA non garante os requirimentos da D.X. de Saúde Pública obviando de xeito obsceno o preceptivo informe favorable de dita Dirección Xeral. Tampouco se incorpora ao proxecto o acordo previo con todos os propietarios e veciños afectados que garanta a efectiva aplicación das medidas protectoras esixidas pola D.X. de Saúde Pública.

Que o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural conclúe que:

da análise da documentación e dos datos do seu Servizo de Patrimonio Natural da Coruña non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, sempre que se garanta o cumprimento das medidas contempladas na documentación e se teñan en conta unha serie de consideracións...

Sobre o entorno do parque publicouse en 2015 o libro *La biodiversidad en el lago de la Mina de Meirama y su entorno* da Estación de Hidroloxía Encoro do Con, editado por GAS NATURAL FENOSA, no que se fai un estudio profundo da rica biodiversidade que se vai ver significativamente afectada polos parques de Meirama e As Encrobas. A D.X. non tivo en conta este exahustivo documento a pesar de que se fai referencia ao mesmo en numerosas alegacións.

SOLICITA:

Primeiro.- Que se revoque a DIA pola fragmentación fraudulenta dos parques Meirama e As Encrobas xa que non pode ser tramitado mediante avaliación ambiental ordinaria.

Segundo.- De acordo ao contido da DIA o proxecto sufriu durante a súa tramitación ambiental cambios substanciais polo que debe de ser novamente exposto.

Terceiro.- O proxecto non recolle as medidas protectoras necesarias para garantir o dereito a saúde dos veciños en particular no relativo ao ruído e ao parpadeo de sombra.

Cuarto.- O informe da D.X. de Patrimonio Natural non ten a cautela de avaliar de xeito correcto os efectos significativos do parque sobre a biodiversidade polo que deberá ser revisado e revocada a DIA.

As cuestións expostas neste documento non teñen carácter limitativo en relación cos contidos da DIA aprobada con data 28 de outubro de 2022.

SIRVAN AS PRESENTES ALEGACIONES COMO NOTIFICACION PREVIA DESTE ASUNTO, QUE VAI A SER OPORTUNAMENTE RATIFICADA PARA O CASO DE PROGRESO DA SOLICITUDE DE DECLARACION DE IMPACTO AMBIENTAL PARA O PROXECTO DO PARQUE EOLICO MEIRMA, SITUADO NOS CONCELLOS DE CARRAL, ORDES E CERCEDA (A CORUÑA), PROMOVIDO POR NATURGY RENOVABLES, S.L.U., (CLAVE 2019/0130) E PROGRESO DA MESMA, DEBENDO OS PROMOTORES ENFRENTARSE AOS PROCEDIMENTOS XUDICIAIS QUE SE INICIEN (CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS E PENALIS), ASI COMO, ÁS INDEMNIZACIONES QUE PROCEDAN, CON RESPONSABILIDADE SUBSIDIARIA DE QUEN AUTORIZA SEN TER EN CONTA OS DEFECTOS DOS QUE SE LLE PON EN COÑECEMENTO

O que asino aos efectos oportunos

Asdo.- _____